

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 09 DE AGOSTO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E CINCO MINUTOS** do día **NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia da 1ª Tte de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da tenente de Alcalde **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Excusa súa asistencia: **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 951/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E CARÁCTER URXENTE, DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES".**
- 3º.- **PROPOSTA DE GRATIFICACIÓN ROMARÍA DO RAPAZ 2019.**
- 4º.- **EXPTE. 64/2019. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS DEPORTIVAS, CULTURAIS E DE PARTICIPACIÓN SOCIAL.**
- 5º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 24 de xullo de 2019

2º.- **EXPTE. 951/2019. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E CARÁCTER URXENTE, DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES".**

ANTECEDENTES:

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 27 de xuño de 2019 acordou:

"PRIMEIRO: APROBAR o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación urxente, das obras de **MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES**, cun orzamento base de Licitación de:

O valor **estimado do contrato** ascende á contía de 83.940,85 € euros (IVE excluído); (o IVE ascende a 17.627,58 €).

SEGUNDO.- Nomear como Director das Obras ó Enxeñeiro de Camiños, redactor do proxecto, Román Gómez Fraiz.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato."



Visto que publicado anuncio de licitación presentáronse ofertas por parte de:

-Núm. de rexistro de entrada: 2.881, de 15 de xullo de 2019
Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS,S . L.

-Núm. de rexistro de entrada: 2.882, de 15 de xullo de 2019
Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.

Vistas as Actas da Mesa de Contratación, celebradas o día 05 de agosto de 2019, (Apertura Sobres A e B).

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre A:

"- Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.: Non se observa defecto na documentación.
- Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. Obsérvase defecto na documentación. A Declaración Responsable non se axusta ao modelo. "

Despois de comprobar as proposicións, decídese solicitar á empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. a subsanación dos defectos detectados."

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre B:

"Subsanado o defecto por parte da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L., procédese á apertura dos sobres "B", que conteñen a documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, co seguinte resultado:

- Empresa: CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L. Non se observa defecto.
- Empresa: ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS,S . L. Non se observa defecto.

A mesa acorda trasladar ao Arquitecto Municipal a documentación contida nos sobres "B", a fin de que sexa emitido o informe técnico coa valoración correspondente."

Visto que, unha vez emitido polo Arquitecto Municipal informe da valoración (xuízos de valor) das mesas con arranxo aos criterios e as ponderacións establecidas no Prego, de data 07 de agosto de 2019.

Vista a Acta da Mesa de Contratación, celebrada o día 07 de agosto de 2019, na que se sinala:

Acta da Mesa de Contratación: Apertura Sobre C:

"ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS "MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2019-2020 (AGADER): CAMIÑO DE PIÑEIRO-ABADES".

*Reunidos na sala de xuntas da casa consistorial, o día 07/08/2019 ás 12,15 horas, constitúese novamente a mesa de contratación para a adxudicación das obras **MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2019-2020 (AGADER): CAMIÑO DE PIÑEIRO-ABADES**, formada por Dna. Mónica González Conde (1ª Tenente de Alcalde do Concello), que actuará como presidenta; D. Leopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello); D. David García Lareo (Secretario accidental do Concello) D. Lino Manuel Doporto Framil (Arquitecto Municipal), que actuarán como vogais, e D. Julio Méndez Castro, que actuará como secretario da mesa.*



Queda a Mesa constituída, e se prodede á lectura do informe do Técnico Municipal, D. Lino Manuel Doporto Framil de 7 de agosto de 2019 sobre a documentación do sobre B cuxa ponderación depende dun xuízo de valor. Atendendo ás valoracións do mesmo, as empresas reciben as seguintes puntuacións:

- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. 18 puntos
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. 19 puntos

Co detalle que se indica a continuación extraído literalmente do informe emitido:

Documento	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.		ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.	
	Consta	Puntuación	Consta	Puntuación
Criterios cuantificables automáticamente				
Criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor:				
A) Programa de construción das obras: ata 8 puntos				
a.1) Enumeración e descrición das actividades a realizar, debendo xustificar os rendementos previstos que garantan o prazo ofertado. Ata 4 puntos.	SI	4	SI	3
a.2) Diagrama de Gantt con desenvolvemento da unidades de obra, indicando as actividades que condicionan dita obra ao derivarse das actividades críticas. Ata 4 puntos.	SI	4	SI	4
B) Memoria descrittiva do proxecto de execución: Ata 8 puntos				
b.1) Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados ao contrato: ata 4 puntos	SI	4	SI	4
b.2) Relación de fontes de subministro de materiais, validación destas, no se caso, e análise das necesidades de almacenamento e de instalación auxiliares: ata 2 puntos.	SI	2	SI	2
b.3) Estudio dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais: ata 2 puntos	SI	1	SI	2
C) Programa de actuacións mediambientais: Ata 4 puntos				
c.1) Identificación das unidades de obra e procesos construtivos que poidan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección, así como Emprego de materiais con certificados de explotación sostíbeis, reciclados ou reciclables: ata 1 punto	SI	1	SI	1
c.2) Organización física da obra: Ata 2 puntos	SI	2	SI	1
c.3) A xestión de residuos xerados durante a execución, e a identificación dos requisitos legais ambientais que sexan de aplicación: Ata 1 punto.	SI	1	SI	1



	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.
	19	18

A continuación procédese á apertura dos sobres C, que conteñen a proposición económica e a documentación cuantificable de forma automática co seguinte resultado:

1.- Proposición económica (co I.V.E. incluído)

- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S. L.
Proposición económica.- 94.383,36.- € 44,80 puntos

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L.
Proposición económica.- 93.548,73.- € 50,00 puntos

2.-Outros criterios/melloras cuantificables de forma automática.

- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. 30 puntos

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. 30 puntos

Unha vez valorados todos os criterios, as puntuacións finais quedan da seguinte maneira:

- ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L. 92,80 puntos

- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. 99,00 puntos

Polo tanto, vistas as puntuacións correspondentes, a Mesa de contratación propón ao Órgano de Contratación como adjudicataria da obra **MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL 2019-2020 (AGADER): CAMIÑO DE PIÑEIRO-ABADES** á Empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S. L."

Considerando a oferta mais ventaxosa é a presentada por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- ACEPTAR a proposta realizada pola Mesa de Contratación de data 07 de agosto de 2019, en relación a contratación da obra por procedemento aberto de carácter urxente "**MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL: CAMIÑOS DE PIÑEIRO-ABADES**", na que se propón para a contratación a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, polo prezo de 77.313,00 € mais IVE (16.235,73 €), así como as melloras incluídas na oferta.

Segundo.- Requirir a empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.**, dentro do prazo de cinco días hábiles seguintes o da recepción deste acordo, presente a documentación sinalada na cláusula XVIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, así como a constitución da garantía definitiva dun 5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido (Cláusula VIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares).

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.

3º.- PROPOSTA DE GRATIFICACIÓN ROMARÍA DO RAPAZ 2019.



Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Mónica González Conde, de data 02 de agosto de 2019, que literalmente dí:

"Visto que o pasado domingo día 30 de xuño se celebrou a 31 edición da Romaría do Rapaz, no recinto da Saleta, en Siador.

Visto que para a celebración da citada actividade, organizada dende o departamento municipal de Cultura do Concello de Silleda se precisou contar con personal municipal para os traballos de montaxe, desmontaxe e coordinación das distintas actividades e obradoiros desta actividade, unha das que máis público congrega no municipio.

Visto que o personal municipal traballou fóra do seu horario laboral nas xornadas do sábado 29 e domingo 30 de xuño durante as dúas xornadas.

Dende a Concellería de Cultura, Turismo e Deporte propónse á Xunta de Goberno Local –na que están delegadas as competencias na materia:

-Outorgar no concepto de Productividade a cantidade de 100 euros a cada un dos seguintes traballadores e traballadoras municipais:

- Sara Blanco Gil*
- Vanessa Loureiro Fernández*
- José Manuel Espiño Fernández*
- Francisco Alén Pena"*

Visto que con data 07 de agosto de 2019, pola Concelleira de Cultura, engáse un añadido de aclaración a proposta anteriormente transcrita, que literalmente dí:

"Añadido aclaración proposta gratificación personal. Xunta Goberno Local

En canto á proposta de gratificación ao personal municipal que traballou na Romaría do Rapaz, compre aclarar que os traballadores e traballadoras realizaron tarefas , nalgún caso o sábado pola tarde (2 horas) e na xornada do domingo 30 de xuño, de 08:30 a 21:00 horas."

Visto o informe de Intervención, de data 08 de agosto de 2019.

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación a proposta da Concelleira de Cultura, de data 02 de agosto de 2019 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo a Intervención ós efectos oportunos.

4º.- EXPTE. 64/2019. APROBACIÓN DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS DEPORTIVAS, CULTURAIS E PARTICIPACIÓN SOCIAL.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Mónica González Conde, de data 07 de agosto de 2019, que literalmente dí:

"Vistas as bases reguladoras da convocatoria de subvencións municipais para a realización de actividades de promoción e participación social e/ou veciñal.

Vistas as bases reguladoras da convocatoria para outorgar subvencións municipais a entidades culturais.



Vistas as bases reguladoras da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas.

Visto que todas elas foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 37 de Pontevedra do 21 de febreiro de 2019.

Vistas todas as solicitudes presentadas por parte de asociacións culturais, veciñais, e entidades deportivas.

Visto que todas as entidades solicitantes reúnen os requisitos esixidos nas citadas bases.

Vista a proposta da Comisión de Valoración das tres liñas de subvención, na sesión celebrada o 1 de agosto de 2019 e que a continuación se relaciona.

A Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Silleda propón á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a concesión das tres liñas de subvención cas contías que se relacionan a continuación:

Subvencións a asociacións deportivas		
Asociación	Puntuación	Outorgado
Escola de Fútbol de Silleda	98	6.062,53
S.D. Bandeira	100	6.186,25
S.D. Silleda	68	4.206,65
Club de Fútbol de Lamela	61	3.773,61
C.F. Laro	59	3.500,00
Sociedade de Caza, Pesca e Tiro	56	3.000,00
BTT Trasdeza	39	2.412,64
Clube de Petanca	31	1.917,74
SPD Deza 2019	32	1.979,60
Clube de Pesca Deportiva Río Deza	13	804,21
Clube de Pesca Castillo Ulla Deza	13	600,00
Clube Deportiva Toxarco	9	556,76

Subvencións a asociacións culturais		
Asociación	Puntuación	Outorgado
Banda de música municipal de Silleda	53	18750
Asociación da Banda de música RC de Bandeira	48	14600
Xirandola	41	5900
Fortín da Pomba	33	5380
Coral Polifónica Trasdeza	29	3500
Vista Alegre	41	3000
Coro Vales Mahía	25	2150
Gaiteros da Pereiriña	19	715
O son da Fervenza	18	715
O Cruceiro de Breixa	15	615
Sociocultural de Cortegada	12	515
Coto do Castelo	11	515
ANPA Musiquiños	11	515
Semana Verde	18	305
Asociación de Refoxos	8	305
Axóuxere	7	305
Asociación de Escuadro	5	215
Asociación Al Irfane	Non está no Rexistro Municipal de Asociacións	
Subvencións a asociacións de participación social		
Asociación	Puntuación	Outorgado



Veciños de Laro	39	385
Vilar de Trasdeza	38	385
Mulleres do Municipio de Silleda	36	360
Santiago Apóstol	36	360
ANPA Brincadeira	35	360
Avema	32	330
San Miguel de Lamela	30	320
Avecuco Cortegada	28	310
Ansemil - Martixe	27	310
Mulleres Fervenza do Castelo	25	300
Amigos da Casa Escola de Paredes	24	300
A Costa de Abades	24	300
Veciños Parroquia de Parada	20	270
Mulleres Rurais Santa Isabel	20	270
Asociación San Félix	19	270
Mulleres Rurais Dormelas	19	270

SEGUNDO: Comunicar aos colectivos, asociacións e entidades solicitantes a contía outorgada concedendo un prazo de 10 días, contados a partir da recepción da comunicación, para realizar as alegacións que estimen oportunas, e publicar tamén a resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, así coma no Portal de Transparencia. En caso de non formularse alegacións, a concesión entenderase como definitiva."

Visto o informe favorable de intervención de data 08 de agosto de 2019.

Polo exposto, e de acordo coa proposta que se acaba de transcribir, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** outorgar as subvencións para entidades deportivas, culturais e de participación social do Concello de Silleda para este exercicio 2019 nos termos que figuran na proposta da Comisión.

5º.- URBANISMO.

5.1.- Expte. 1226/2019. Instalación de ascensor en edificio plurifamiliar. COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO O ANTOXO.

Vista a solicitude de licenza, presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO ANTOXO, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-178 de 28 de xuño de 2019, para instalación de ascensor en edificio plurifamiliar sito na Avda. do Parque, nº 30 (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do arquitecto Pablo Pol Barros.

Visto o informe emitido o 08 de agosto de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO O ANTOXO		
Data de rexistro	28.XUÑ.2019	Nº 2019-E-RE-178	Expediente 1226/2019
Solicitude	Instalación de ascensor en edificio plurifamiliar		
Emprazamento	Avenida do Parque, nº 30, Silleda		
Referencia catastral	1775302NH6217N	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	n/d	X: 561620.89 m Y: 4727297.15 m	
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.		Superficie construída: XXX m2
Autor do Proxecto	Pablo Pol Barros, arquitecto colexiado 4023 COAG		



Proxecto Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 28.06.2019, nº 1903466
Dirección de Obra n/d
Oficio de Dirección
Dirección de Execución n/d
Oficio Direc. Execución
Orzamento (P.E.M.) 19.990,00 €

P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 14 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 15 Planeamento do Concello de Silleda
- 15.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 15.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 15.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 15.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 15.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 15.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 15.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 15.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 15.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 15.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 16 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 1226/2019, de solicitude de licenza asinada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO O ANTOXO, presentada con R.E. 2019-E-RE-178 de 28.XUÑ.2019. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Pablo Pol Barros, arquitecto colegiado 4023 COAG.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.



4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas de habitabilidade de vivendas, as normativas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 15.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a Instalación de ascensor en edificio plurifamiliar, está clasificado como solo urbano, Ordenanza 2.

9. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, non establece afeccións que deban ser tomadas en consideración.

10.

11. Cumprimento do artigo 91 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

- | | |
|--|-------------|
| a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. | Non procede |
| b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou impidan a contemplación do conxunto. | Non procede |
| c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe. | SI |
| d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados. | Si |
| e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións. | SI |
| f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos | Non procede |



como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. O proxecto presentado xustifica que non é obrigatorio o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria. Compróbase na documentación gráfica que os recorridos de evacuación non se ven alterados con respecto aos existentes.

14. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as **normas de habitabilidade de vivendas de Galicia**. (plano nº X e punto X da memoria).

15. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

16. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

17. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

18. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Instalación de ascensor en edificio plurifamiliar solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.

Dada a proximidade dun elemento catalogado polo Plan Xeral, estímase conveniente a execución do remate das fachadas da explotación, executados en materiais prefabricados non destinados ao seu acabado visto, mediante o enfoscado e pintado das súas superficies; así como o recubrimento de tella curva das cubertas que actualmente só teñen pranchas de fibrocemento sen ningún outro tipo de acabado.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente", segundo o modelo que se atopa na páxina web do Concello de Silleda.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:



1. Oficios de dirección, de dirección de ejecución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO O ANTOXO para instalación de ascensor en edificio plurifamiliar, sito nas Avda. do Parque, nº 30 de Silleda, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, sinalando que:

Primeiro.-

1.- Non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de ejecución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

2.- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

3.- A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

4.- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

5.- Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
19.990,00	19.990,00	2,25 %	449,78	0,00	449,78



Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

- a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dez horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 09 de agosto de 2019

Vº e Prace
A 1ª TTE de ALCALDE,
Asdo. Mónica González Conde

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

